

Ideas ao redor das mámoas

Texto inédito. Manuscrito en castelán

Xosé María Álvarez Blázquez

¿As mámoas dolménicas foron recubertas de terra pola man do home ou pola acción do tempo? Obsérvense cumes cubertos de terra pola chuvia e o po. Téñase en conta o absurdo de tanto esmero nos dolmens, para logo seren cubertos. Por outra parte, se este fose o proxecto, ¿estaban de máis as grandes laxes con pedras pequenas e terra, ou só con esta abundaba para levar a cabo o obxecto da mámoa, que era encerrar restos humanos. Non sendo obra de home, non estará de feito mal dito “mámoa dolménica”? ¿Non será acaso simple cista, dolmen ou túmulo de pedra recuberto de terra polo labor pertinaz dos anos?

“Esta mámoa ten 29 metros de diámetro e está formada con terra, en parte arxilosa e en parte húmifera¹ propios, ambos materiais, daqueles contornos, advertindo que non conteñen pedriñas mesturadas coma se fose peneirada ao facerse o montiño²”

(1) Humus e arxila son os materiais máis decote movidos e arrastrados polos axentes atmosféricos.
(2) Maciñeira, F. (1929): “Notable grupo de círculos líticos y túmulos dolménicos de la cuenca superior del Eume” *NÓS*, Seminario de Estudos Galegos.

Non cremos que haxa mellor peneira que o vento e isto quizais explique a dúbida do señor Maciñeira. Agora ben, convén pescudar ata que punto se repite este fenómeno nos chamados túmulos ou mámoas dolménicas. Por outra banda hai que considerar que de existiren pequenas pedras, pode elo achacarse á descomposición das grandes laxes ou á acción do home ou a grandes arrastres de auga nas invernías, cando se trata de monumentos situados baixo o nivel dalgún outro terreo ou a todas estas causas á vez. O tempo transcorrido explica facilmente esta fonda transformación. Téñase en conta que algúns destes monumentos acháronse completamente baixo terra. As escavacións nos nosos castros aportan acotío casos de edificacións, murallas, dolmens, etc. completamente soterrados no cume do monte.

“Erguéndose un metro sobre o chan e co gallo de coñecer a altura total de tales pétreos postes, ordenei que escavasen ao pé dun deles atopando que despois de ter afondado medio metro e malia a panca que xa ofrecía, dous homes non foron quen do menor abaneo, o que nos demostra que polo menos ficaban outros cincuenta centímetros máis abaixo da extremidade inferior, sumando así, polo menos, dous metros de lonxitude³”

Obsérvese que con toda probabilidade o poste tiña máis dos dous metros que este autor lle asigna. Con 1'50 metros ao aire e só 0'50 en terra é moi fácil que coa acción da forza de dous homes se movera, o máis lixeiramente posible polo menos. Mais aínda que non tivera máis ca eses 2 metros, pénsese que era absurdo para un metro de porción epixea manter outro metro baixo terra, xa que iso sería esaxerar todo temor de derrubamento, mais tratándose dun recinto sagrado xa respectado onde a man do home (único axente que tal vez se atrevera a perturbar a súa perpendicularidade) ousara derribala. Medítese o que en casos semellantes se fai actualmente e aínda no que entón se facía; algo así como 1/8 de porción enterrada abonda para manter o equilibrio e a estabilidade perfecta dun corpo perpendicular inanimado, sendo así ¿que interese terían aquelas xentes en dar ao citado poste un metro cando menos (opinamos que máis) de base por outro de por-

(3) (Maciñeira, *op. cit.* páx. 14)

ción descuberta? ¿Non sería máis lóxico (¿e que ben se leva a lóxica con todo primitivismo!) dar ao poste toda a grandeza e magnitude posible (e nun monumento megalítico, grandeza e magnitude sono todo), xa que dun sagrado lugar se trataba: nada menos que dun lugar onde se celebraban, segundo tódalas probabilidades, concilios, cerimoniais, ritos e festas?

Pois ben, non foi o home, foron os axentes naturais os que enterraron ata tal extremo a ese poste e por tanto a tódalas pedras do interesantísimo círculo lítico do que o señor Maciñeira nos fala. Si é mágoa que non se escavara arredor de cada pedra do tal monumento. Tal vez así, esa separación pequena das pezas non fora máis que aparente, efecto da aguzadura dos seus extremos superiores, que na súa base foran unha sólida continuidade pétreo.

Todo isto vén aquí para servir de dato a como nunha cova (xa non digamos en lugar que non o sexa) pode a acción do tempo enterrar os obxectos por grandes que eles sexan.

¿Como se coñece un monte antigo, senón (entre outras razóns) pola gran cantidade de terra que encobre en parte as súas porcións rochosas?

Monte moderno é aquel no que os penedos se nos ofrecen máis descarnados e limpos. E non se obxecta que non é comparable un e outro período de tempo preciso para tal transformación, porque argüiremos que tampouco o son as cantidades respectivas (nunha mámoa e nunha montaña de material depositado). Neste asunto opinamos que a relatividade triúnfala.

Sendo en todo semellantes os dolmens epixeos aos hipoxeos é de crer que foron construídos con idéntico fin, e non é feliz considerar que uns teñan sido recubertos e outros non por este capricho do home, opinamos, pois, que o foran polas causas a el alleas xa apuntadas, e por iso estimamos que a mámoa dolménica non existe, como tal mámoa, senón unicamente como dolmen. Xa que as idades prehistóricas teñen o seu máis fiel dato cronolóxico na sedimentación, non cremos que nun vestixio tan precioso do paso do home por aquelas idades como é o momento a que nos referimos se deba con tanta soltura prescindir desta sedimentación como causa natural, so pretexto de achacala á man do home. Así pois, opinamos que o tal dolmen por

complicado ou sinxelo que este sexa, non se pode admitir no espírito dos seus autores un baixísimo sentido estético, pois ninguén concibe un cadro de Velázquez cuberto de musgo intencionadamente senón como froito dunha intelixencia perturbada inimiga de toda grandiosidade e elevación espiritual, así como a ninguén se lle ocorrería, e menos naquelas eras de inxenuo fervor relixioso, ofrendar aos seus mortos ou aos seus deuses un monumento, cando polos seus semellantes non puidera ser apreciado, xa que na nosa opinión toda primitiva psicoloxía esixe pregón e aireamento para coas obras das que ha de amosarse orgullosa..

“A esta época de longa duración seguen outras dúas moito máis curtas: a das tumbas de corredor e a das cistas de pedra subterráneas, as de corredor, chamadas en danés cuartos de xigantes, están construídas enriba do chan pero tapadas cun montón de terra ou túmulo⁴”.

“Todos os megálitos, o mesmo deste período que dos seguintes, dentro e fóra de Portugal, cubríanse ao construírense, cun túmulo do que con frecuencia se conservan restos⁵”.

Obsérvese nos debuxos e planos deste monumentos con ese depósito de terras se verificou xeralmente de igual maneira que nun deserto se forma unha duna ao opoñer ao vento un obstáculo. Véxanse figuras 51 (Cueva del Romeral) e 56 (Sepulcro dos Millares) de dita obra e tomo. Os grandes sepulcros exipcios talvez sirvan de exemplo para refutar esta teoría.

1º Non está demostrado que quizais non foran cubertos polos axentes naturais de igual forma que os seus grande poboados.

2º Trátase de dúas épocas tan distantes que de igual forma poderíamos nós sacar a colación os mausoleos actuais como exemplo da nosa opinión.

3º Debe terse en conta o desexo de inviolabilidade e segredo que o pobo exipcio quería para cos seus enterramentos, entre outras causas con motivo dos grandes tesouros alí encerrados, o

(4) Hoernes, M: *Prehistoria*, LABOR Tomo 1º páx. 80)

(5) Obra citada páx. 113 do mesmo tomo.

que espertaría cobizas e afán de violación, mentres que no enterramento dolménico pouco ou nada habería de obterse mais naquel tempo no que os metais preciosos carecían de todo valor comercial⁶.

Parecemos que se non se trata dun erro científico ou polo menos de nomenclatura.

Mámoas, segundo todos os autores é un túmulo de terra e pedras pequenas en cuxo interior, antes de facer o montón, téñense verificado enterramentos. Pero ao dicir dos prehistoriadores, nalgunhas delas áchanse dolmens encerrados.

Pois ben; neste punto diferimos nós, estimando que o cúmulo de terra que cobre tales dolmens tense verificado por un proceso natural, e neste caso non se debe falar máis que de dolmen.

Os autores Florentino López Cuevillas, Antonio Fraguas e María Pura Lorenzana na súa obra *Mámoas do Saviñao*, páx. 9 din:

“Polo xeral o traballo de exploración das mámoas galegas é un traballo caro, fatigoso e de cativos resultados. Remexidos fondamente en moitas ocasións polos buscadores de tesouros e desfeitos case de cote as antas que acochaban no seu interior ...”

E pouco despois (páxina 10) engaden:

“Nalgunha das mámoas escavadas apareceron restos adornados con decoración tipicamente castrexas, saíron noutras anacos romanos ou modernos e en todas fartura de cerámicas lisas e feitas a man, iguais ás cerámicas lisas dos castros, parecendo deducirse de todo elo que durante moito tempo e namentres que as antas estiveron en pé e puideron servir de abrigo e guarida contra a intemperie, foron utilizadas como lugares de acocho por pregoeiros ou por xentes nómades”.

Entre estes dous parágrafos existe unha clara contradición. Por unha parte admítese, ao dicir que as mámoas gardan antas no seu interior, a teoría xeneralizada de considerar ao dolmen recuberto

(6) Hoernes, *op. cit.*, tomo II, figuras 23, 38

como mámoa e por tanto admitir que o foi pola man do home que os construíu. E no segundo parágrafo esbózase a nosa tese de que nun principio tales dolmens estiveron ao aire libre e foron logo tapados por obra dos axentes naturais. Vista a cuestión, baixo o noso punto de vista aplícase facilmente o feito de atoparse xeralmente arredor do dolmen soterrado gran número dos obxectos achados na escavación: cerámicas, utensilios, etc. Iso débese na nosa pobre opinión non a anteriores escavacións, que aínda que numerosas tal vez non cheguen a ese extremo, senón a un fenómeno natural de sedimentación sobre aqueles vestixios do paso do home que ao mesmo nivel do dolmen e á par del foron soterrados.

Na páxina 19 din os citados autores:

“Débese advertir tamén a este respecto que polo xeral as antas galegas de maior tamaño aparecen pouco afundidas e que as máis cativas atópanse moitas veces case enteiramente soterradas”.

E a continuación citan numerosos exemplos de tal afirmación. Nós opinamos que sendo isto certo, nada máis lóxico que achacar tal fenómeno, dentro do noso parecer, a un feito natural perfectamente comprobado: o da proporcionalidade do volume do corpo co espesor do material depositado, efecto da distribución dos sedimentos nunha maior ou menor superficie. Así canto menor sexa o obstáculo máis grosa será a capa de materiais sobre el arroxados polo vento, a chuvia e os arrastres de augas.

Do parecer dos prehistoriadores dedúcese que a sedimentación pouco ou nada se ten verificado sobre o dolmen cuberto. E sendo así ¿como se explican que nas súas inmediacións non se conserven vestixios do oco enorme que para extraer tal cantidade de terra que foi preciso practicar? Non argüirán que por efecto da sedimentación, pois entón terían que admitir coma nós a existencia de tal fenómeno nun cume, e a súa teses fraquearía. E se admíten a intervención do home e da natureza respectivamente, comezamos en que a cantidade de material depositado sería moito maior ao que sobre esa “capa de pedras” preto do chan, se atopa xeralmente, entendendo que esa capa de pedras foi obra do home. Sexa disposición xeral nos poucos casos que se coñecen é coma a que se representa na figura 1.




Figura 1




Figura 2

Para cubrirse o oco practicado nos arredores é necesario un proceso de sedimentación, tal que sobre ditas pedras, habería de deixar bastante máis dos 15 ou 20 centímetros de terra que xeralmente as cobren, porque aínda que un oco se enche máis facilmente que se tapa unha construción nunca ha de ser cunha diferenza de dous, tres ou máis metros a 15 ou 20 centímetros.

Pedirase á súa vez a nosa explicación do por qué da existencia de tales pedras. Argüiremos:

1º Un é o feito tan repetido nos dolmens cubertos (non diremos mámoas dolménicas) para que iso constituía argumento.

2º Apuntamos algunhas causas que quizais o xustificuen: descomposición dalgunhas laxes, obra do homes a través de tantos

anos (non hai en Galicia sitio que el non teña pisado frecuentemente) e, por último os arrastres das invernías, pois poucas veces estes monumentos se achán nun cumio como unha tanxente no polo norte dunha esfera.

3º Poderíamos citar numerosos exemplos de castros onde é frecuente achar en iguais circunstancias de altitude esas mesmas capas de que se trata. Precisamente no de Cabeza de Francos que nós exploramos nas proximidades de Tui dáse este caso. (Fig. 2)

Cuxo corte esquemático corresponde a (1): capa de 5 a 20 centímetros de terra arxilosa. (2): capa de espesor variable de pequenas pedras de granito (3) capa de 20 a 75 centímetros de terra húmifera (4) restos de construcións.

E se obxecta co argumento da simetría desa capa (moitas veces só aparente) temos que contestar que aparte de que nos castros tamén se da, tal sedimentación de pedra corresponde a un período de tempo determinado e naturalmente a todo proceso de sedimentación ten lugar a simetría do paralelismo das súas capas que é a simetría de que aquí se trata.

Tui-Decembro-1934